

copia cliente

copia R

acordo financiamento equipamento

R

Partes:

- (i) **R** Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U. (en diante, **R**), con domicilio na Coruña, rúa Real nº 85 e N.I.F. A-15474281.
- (ii) _____, (en diante, o CLIENTE), con NIF nº _____, con domicilio en _____
* representada neste acto por D. _____, con DNI nº _____, na súa condición de _____ da indicada sociedade.
* (completar só en caso de sociedades anónimas, limitadas, civís, comunidades de bens, asociacións ou outras entidades)

(1)	MODELO EQUIPO (a)	<input type="text"/>	identificador de servizo (b)	<input type="text"/>
	PAGAMENTO 24 MESES	<input type="checkbox"/> PREZO EQUIPO (c)	cota mes (d)	<input type="text"/> pagamento inicial (e) <input type="text"/>
(2)	MODELO EQUIPO (a)	<input type="text"/>	identificador de servizo (b)	<input type="text"/>
	PAGAMENTO 24 MESES	<input type="checkbox"/> PREZO EQUIPO (c)	cota mes (d)	<input type="text"/> pagamento inicial (e) <input type="text"/>
(3)	MODELO EQUIPO (a)	<input type="text"/>	identificador de servizo (b)	<input type="text"/>
	PAGAMENTO 24 MESES	<input type="checkbox"/> PREZO EQUIPO (c)	cota mes (d)	<input type="text"/> pagamento inicial (e) <input type="text"/>

* Prezos sen IVE e sen ter en conta as posibles promocións.

Cláusulas:

- En virtude do presente acordo, **R** cederá ao **CLIENTE**, a cambio dos prezos que figuran nas caixas c), o uso do/s equipo/s mencionados nos recadros a). A validez deste contrato de arrendamento financeiro está supeditada a que o **CLIENTE** sexa á súa vez usuario dun ou máis produtos **R**, indicados nos recadros b). Os prezos dos recadros c), d), e) poderán reducirse con promocións segundo criterios comerciais establecidos por **R**. Estas promocións non afectarán, en ningún caso, ao indicado nas cláusulas 4 e seguintes deste contrato.
- Os equipos indicados, recadros a), foron adquiridos polo arrendador (**R**), en cumprimento de expresas instrucións recibidas do arrendatario (**CLIENTE**), quen elixiu os equipos baixo a súa responsabilidade. En consecuencia o arrendatario libera ao arrendador de toda responsabilidade pola idoneidade ou rendemento dos equipos escollidos.
- A duración do presente contrato correspóndese co período no que o **CLIENTE** debe aboar a **R** as cotas establecidas, isto é, 24 meses, correspondéndose 23 cotas polo uso dos equipos e unha última cota (igual ás anteriores) ao exercicio da opción de compra. O **CLIENTE** deberá aboar mensualmente a **R** as cantidades que figuran nos recadros d), cotas e, no seu caso, un pagamento inicial que figura nos cadros e). O pagamento realizarase mediante cargo en factura. Caso de non exercer a opción de compra, mediante o aboamento da cota nº 24, o cliente deberá devolver a **R** os equipos indicados nos cadros a), en óptimas condicións para o seu uso. Non obstante o anterior, o **CLIENTE** poderá resolver o presente contrato con anterioridade ao prazo establecido, sempre e cando aboe a **R** todas as cotas que lle resten por pagar ata completar os prezos indicados, c).
- O **CLIENTE** expresamente reconece a independencia entre o servizo de telecomunicacións e o servizo de financiamento de equipos reflectido neste documento, polo que, se por calquera causa dá de baixa calquera combo ou liña móbil con equipo financiado, seralle esixida unha penalización cun valor equivalente ao das cotas íntegras que restasen por pagar no momento da baixa do devandito combo ou liña, para cada un dos equipos indicados nos recadros a).
- No caso dos equipos en promoción, o **CLIENTE** reconece que, en caso de modificar a tarifa ou ben as condicións do seu combo, as cotas de financiamento poderían variar segundo o indicado en **legal.mundo-R.com**.
- O **CLIENTE** é responsable do uso dos equipos en tanto en canto non estean pagados na súa totalidade, eximindo a **R** de calquera responsabilidade en caso de mal funcionamento, rotura ou perda dos equipos. Se calquera destes imprevistos fivese lugar, deberá seguir aboando as cotas pendentes de pagamento.
- O responsable do tratamento dos datos persoais facilitados no Contrato é **R**, quen os tratará coas seguintes finalidades: (i) prestar os servizos solicitados sendo a base legal para este tratamento a relación contractual que nos vincula co Cliente ou o interese lexítimo no caso de que o que subscribe o Contrato teña a condición de representante do Cliente e (ii) remitir comunicacións comerciais sobre a base do interese lexítimo, salvo que o Cliente ou o seu representante manifeste o contrario a través dos correspondentes recadros. Os datos poderán ser compartidos con Administracións e organismos públicos, e prestadores de servizos que deban ter acceso a estes datos en virtude dos servizos que prestan a **R**. Tes dereito a acceder, rectificar e suprimir os teus datos, así como outros dereitos, como se prevé na información adicional sobre privacidade que figura na cláusula 16 das Condicións Xerais de Contratación.

Coa firma do presente documento, declaras coñecer e entender a política de privacidade de **R**

Non desexo recibir comunicacións comerciais de **R** por medios electrónicos

Non desexo recibir comunicacións comerciais de **R** por medios NON electrónicos (chamadas ou correo postal)

8. Datos de domiciliación bancaria (a cumprimentar pola persoa titular da conta bancaria, caso de ser distinto que **CLIENTE**):

titular da conta bancaria:

NIF/CIF:

IBAN:

autorizo á entidade bancaria mencionada a cargar na miña conta arriba indicada os recibos presentados ao cobramento por **R** Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.U.

sinatura do titular da conta

e en proba de conformidade asinan as partes o presente acordo a día ____ de _____ de 20__.

sinatura do cliente

Alfredo Ramos
director xeral de **R**